



SEMINARIO

Unha viaxe pola ópera a través da triloxía de Beaumarchais

DOCENTE: Laura Touriñán
Morandeira

DATAS: 10, 11 y 12 de xuño de
2024, de 16.30 a 18.30h

LUGAR: Auditorio

Prazo de matrícula: Dende o
luns 19 de febreiro por rigorosa
orde ata completar aforo

A matrícula realizarase telefonicamente no teléfono 881 814 588 ou de xeito presencial na Secretaría do IV Ciclo. O mínimo de alumnos/as matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

Este seminario propón unha viaxe ao longo de catro séculos da Historia da Ópera Occidental a través da emblemática obra teatral *Trilogie de Figaro ou Le roman de la famille Almaviva* de Pierre-Augustin Beaumarchais (1732-1799).

Beaumarchais, de orixe francesa, foi unha personaxe histórica singular e sorprendentemente enigmática. Fillo dun reloxeiro parisino, converteuse en persoa influínte na corte de Luis XV como inventor e profesor de música, desenvolveu tarefas de espía, participou na Revolución Francesa de 1789 e foi un dos primeiros partidarios franceses da independencia estadounidense. Sen embargo, outorgoulle especial fama a súa aportación á literatura teatral e, moi especialmente, a súa citada triloxía de ambientación española.

Trilogie de Figaro ou Le roman de la famille Almaviva está constituída por tres obras teatrais: *O barbeiro de Sevilla* ou *A precaución inútil* (comedia en catro actos, París, 1775); *As vodas de Fígaro* (comedia en cinco actos e en prosa, París, 1784); e *O outro Tartufo* ou *A madre culpable* (drama moral en cinco actos, París, 1792).

Prendados do cómico do argumento, do exótico da ambientación española e da dramática historia subxacente, varios libretistas e compositores de distintos períodos inspiráronse nas obras da triloxía de Beumarchais para crear óperas de distintos estilos musicais. Todas parten da mesma trama argumental, mais plantexada desde distinta perspectiva, centrando a atención nun ou outro personaxe e destacando unha ou outra parte da historia, conseguen crear obras de arte completamente distintas, pero igual de interesantes e sorprendentes.

O compositor Giovanni Paisiello (1740-1816) e o libretista Giuseppe Petrosellini crearon la ópera *I barbiere di Siviglia, ovvero la precauzione inutile*, estrenada en San Petesburgo, na Corte Imperial, o 26 de setembro de 1872. Paralelamente, o compositor W. A. Mozart (1756-1791) en colaboración co libretista Lorenzo da Ponte (1749-1838), crearon *Le nozze di Figaro*, estrenada en Viena, no Burgtheater, o 1 de maio de 1786. Ambas óperas do Clasicismo (ca. 1750-1810). Posteriormente, o compositor Gioachino Rossini (1792-1868) e o libretista Cesare Sterbini (1784-1831), compuxeron a ópera *Il barbiere di Siviglia*, estreada en Roma no Teatro Argentina o 20 de febreiro de 1816, en pleno fervedoiro dun incipiente Romanticismo (1820-1910).

Xa no século XX, o compositor contemporáneo Darius Milhaud (1892-1974) e a actriz e libretista Madeleine Milhaud (1902-2008), crearon a ópera *La mère coupable*, estreada en Xinebra, no Gran Teatro, o 13 de xuño de 1966.

E incluso hoxe, no século XXI, seguen a xurdir novas creacións relacionadas. A compositora Elena Langer e o libretista David Pountet crearon *Figaro gets a Divorce* (Fígaro se divorcia), baseada en *La Mère coupable* de Beumarchais e na comedia dramática *Figaro läßt sich scheiden* (El divorcio de Figaro) de Ödon von Horváth (1901-1938) e foi estreada o 26 de febreiro de 2016 na Welsh National Opera de Cardiff. E tamén o compositor alemán Giselher Wolfgang Klebe (1925-2009) escribiu a ópera *Figaro läßt sich scheiden, op.40*, (El divorcio de Figaro), baseada na homónima obra teatral citada de Ödon von Horváth.

Este seminario ofrece a oportunidade de coñecer a triloxía de Beumarchais e este patrimonio operístico derivado. De forma máis concreta, abordarase a conversión da obra teatral a libreto operístico; a relación entre música, libreto e escenografía; a importancia da trama argumental e como esta condiciona a expresión musical; e como condiciona o período histórico e o estilo musical na forma de contar e cantar a trama. Trataranse conceptos especificamente musicais, como Clasicismo e Romanticismo musical; especialización de canto rossiniano e mozartiano; rexistros vocais, relación tesitura-personaxe, técnicas orquestrais, ópera bufa, técnicas escenográfica, etc.

Todos estes temas trataranse a partir dun denominador común: a *Trilogie de Figaro ou Le roman de la famille Almaviva* de Beaumarchais e as óperas derivadas, facendo especial fincapé en *Le nozze di Figaro* de Mozart e *Il barbiere di Siviglia* de Rossini. Coñeceranse o argumento, as personaxes, a estrutura, o estilo musical, as técnicas vocais, diversas cuestións escénicas, etc. de tal forma que quede evidenciada a significación actual delas na Historia da Ópera Occidental.

OBXECTIVOS

- Coñecer a triloxía teatral de ambientación española *Trilogie de Figaro ou Le roman de la famille Almaviva* de Pierre-Augustin Beaumarchais.
- Coñecer superficialmente as óperas derivadas da triloxía de Beaumarchais (de Paisiello, Mozart, Rossini, Milhaud, etc.).
- Afondar na ópera *Le nozze di Figaro* de W. A. Mozart
- Afondar na ópera *Il barbiere di Siviglia* de Gioachino Rossini.
- Afondar nos conceptos especificamente musicais e operísticos de: Clasicismo e Romanticismo musical, rexistros vocais, relación tesitura-personaxe, técnicas orquestrais, ópera bufa, técnicas escenográficas, etc.
- Recoñecer auditivamente o estilo compositivo propio e característico das óperas rossinianas e mozartianas a partir de dous exemplos concretos.
- Coñecer algúns dos principais intérpretes de ópera especializados en repertorio rossiniano e mozartiano.
- Reflexionar na transcendencia da diferenciación entre obra teatral e libreto.
- Reflexionar na importante función de mediación da posta en escena na ópera e como condiciona a percepción do público.

CONTIDOS

- A triloxía *Trilogie de Figaro ou Le roman de la famille Almaviva* de Pierre-Augustin Beaumarchais.
- Obras operísticas derivadas, destacando compositores, libretistas, foco da trama, estilos musicais, técnicas vocais, cuestións escenográficas e significación das obras.
- A ópera *Le nozze di Figaro* de W. A. Mozart e Lorenzo da Ponte.
- A ópera *Il barbiere di Siviglia* de Gioachino Rossini e Cesare Sterbini.
- Intérpretes operísticos rossinianos e mozartianos: especialización de técnicas vocais e intérpretes destacados. .

METODOLOXÍA

As sesións docentes serán de dúas horas, nas que se abordarán contidos teóricos especificamente vinculados ao tema do seminario, combinadas coa escoita guiada da ópera proposta, en forma de obradoiro, para traballar os contidos a nivel práctico e fomentar a súa participación activa. Exporase contido teórico en soporte de power-point. Facilitarase material bibliográfico e audiovisual específico para os alumnos.

BIBLIOGRAFÍA

- ALIER, R. (2007): ¿Qué es esto de la ópera?. Ediciones Robinbook.
- HOOGEN, Eckhardt van den: El ABC de la ópera. Madrid: Taurus, 2005.
- LANG, Paul Henry: La experiencia de la ópera. Madrid: Alianza, 2011. [Edición original inglesa 1973]
- ORREY, Leslie: La ópera: una breve historia. Barcelona: Destino, 1994.
- REVERTER, Arturo: El arte del canto. El misterio de la voz desvelado. Madrid: Alianza, 2008.
- SNOWMAN, Daniel (2012): La ópera. Una historia social. Madrid, Siruela (2012).
- VILLANUEVA BENITO, I; Radigales Babi, J. (2014): La actualización mediática de la ópera: la imagen social del cantante transformada por el cine y los medios audiovisuales. Revista Sphera Pública, 1, (14), 3-22.